

NOTIFICACION de ACORDO da XUNTA de GOBERNO LOCAL

Poño no seu coñecemento que na Xunta de Goberno Local celebrada o día 19 de Agosto de 2014, adoptouse o acordo seguinte:

7.- ADXUDICACION DO CONTRATO DO SERVICIO DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FÓRA DO HORARIO LECTIVO

VISTO que na Xunta de Goberno Local de 31 de Xullo de 2014, se acordou:

Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas particulares que rexerán a contratación do servizo de "**PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FÓRA DO HORARIO LECTIVO**", mediante procedemento aberto, por trámite de urxencia, convocando a licitación do mesmo, trascribíndose no Anexo a esta Acta os Pregos.

Segundo.- **ORZAMENTO DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO**

O importe do presente contrato ascende á contía de a 35.000 euros, exentos de IVE. O importe aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 324.22799 do vixente orzamento municipal; reservándose a tal efecto 10.694,42 euros para o exercizo de 2014 e comprometéndose o restante crédito, 24.305,58 euros para o exercizo 2015.

VISTO que durante o período de licitación se presentaron as empresas seguintes:

CONFOROCIO CONSULTORA S.L.


ESCOLA XX1

ASOCIACION PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMERACA DO

DEZA- ACODE.

A Mesa de Contratación, considerou válidas as 3 plicas e elevou a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ADXUDICACION DO SERVIZO





Concello de Silleda

Logo do debate e intercambio de pareceres entre os membros da Mesa, por unanimidade, se efectúa a valoración, de acordo co baremo establecido no Prego, que segue:

Ofertas económicas:

CONFOROCIO CONSULTORA S.L.	34.412 €
ESCOLA XX1	31.000
ACODE	34.920

Empresas	Programa	Prezo	Disp. Monitores	Total
CONFOROCIO	3	4,50	1	8,50
ESCOLA XX1	3	5	0	8
ACODE.	3	4,43?	1	8,44

Cuarto.- Á vista do exposto a Mesa de Contratación formulou a Xunta de Goberno Local a proposta de adxudicar o servizo a empresa CONFOROCIO, de acordo coa súa oferta económica e complementaria, que forma parte do expediente, resultando ser a empresa con maior puntuación (8,50 puntos), no prezo de 34.412 € IVE excluído.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Adxudicar o contrato de **SERVICIO DE "PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FÓRA DO HORARIO LECTIVO"**, a empresa CONFOROCIO CONSULTORA S.L. de acordo coa súa oferta económica e complementaria, polo prazo de Setembro de 2014 a Setembro do 2015.

SERVICIO DE "PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FÓRA DO HORARIO LECTIVO". CONFOROCIO CONSULTORA S.L

Prezo adxudicación : 34.412 €

O prezo de adxudicación é de **34.412 €**, IVE excluído segundo o previsto no Prego- tipo de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentada.





**Concello
de
Silleda**

Segundo.- Requirir ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto €) o art. 140 LCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

SILLEDA a 20 de Agosto de 2014

O SECRETARIO

Manuel Quintans Queiruga




RECURSOS: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer o recurso potestativo de reposición no prazo de UN MES diante do Concello de SILLEDA, a contar dende o día seguinte a notificación, e se interpón este recurso potestativo de reposición, non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Tamén pode interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de PONTEVEDRA, no prazo de DOUS MESES contados a partir do día seguinte á data de notificación do presente acordo.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que se lle notificara a súa resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita á vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de PONTEVEDRA, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á data de notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte daquel en que se produza a súa desestimación presunta.

Todo iso sen prexuízo de que poderá utilizar calquera outro recurso que estime convinte.

SILLEDA a 20 de Agosto de 2014

O SECRETARIO

Manuel Quintans Queiruga


Notificación:

1. CONFOROCIO CONSULTORA S.L.
2. ESCOLA XX1
3. ASOCIACION PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMARCA DO DEZA- ACODE.